



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

ANEXO A PROGRAMACIÓN:

CENTRO: CMUS PROFESIONAL DA CORUÑA
CURSO: G.E. - G.P.
MATERIA: TROMPA
DEPARTAMENTO: VENTO METAL
DATA: 07-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Mínimos esixibles.
2. Procedementos de avaliación e cualificación.
3. Criterios de cualificación.
4. Instrumentos de avaliación.
5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)
6. Información e publicidade.

1. Mínimos esixibles.

Reflectidos na programación de Trompa os mínimos esixibles en cada curso e grao, sendo estes un reflexo dos obxectivos e o seu grao mínimo de consecución ó longo de todo un curso, e a raíz das circunstancias excepcionais nas que non atopamos e as instrucións recibidas o pasado 27 de abril por parte da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20 nos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia, detallamos a continuación os contidos mínimos esixibles por curso e grao do 1º e 2º trimestre:

Se adxunta enlace da programación:

http://www.cmusprofesionalcoruna.es/wp-content/uploads/2019/10/Programaci%C3%B3n_Trompa_19-20.pdf

Dada a situación de excepcionalidade, os mínimos esixibles da 3ª Avaliación adaptaranse e desenvolveranse na programación da materia do curso 2020-21 dado que a materia implica sempre unha certa continuidade.

2. Procedementos de avaliación e cualificación.

Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas das que fora obxecto o alumnado.

Determinarase con carácter diagnóstico e formativo, a realización das probas ou actividades de avaliación do terceiro trimestre de xeito **non presencial** e polo mesmo mecanismo co que o titor/a estivo comunicando co seu alumnado no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe desde a suspensión da actividade na aula (CENTROS NET, WhatsApp, Videoconferencia, etc...).

Así mesmo, poderán determinar a avaliación de cada materia, tendo en conta o seu carácter continuo, en función das avaliacións previas e dos datos obtidos polo titor/a das actividades desenvolvidas polo alumnado ao longo do seu proceso de aprendizaxe como elemento determinante da cualificación final da materia, e non minorando as súas cualificacións anteriores.

O especificado no presente apartado tamén será de aplicación para aquelas materias de cursos anteriores que o alumnado teña aínda pendentes de cualificación positiva.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 5	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------

O alumnado **que non puido ser avaliado de maneira continua** convocarase ao final de curso para a realización dunha proba telemática ou a entrega dun traballo audiovisual na que deberá demostrar que supera os obxectivos marcados para este curso. **De ningunha maneira se lle convocará de xeito presencial.**

3. Criterios de cualificación.

Dentro dos criterios de cualificación modificarase as seguintes porcentaxes e quedará excluído da ponderación o apartado referente ás “Audicións”. Así mesmo, será substituído o apartado “Proba de Aula” por “Actividades Telemáticas”. Para o cálculo dos criterios de cualificacións da 3ª Avaliación teranse en conta as seguintes porcentaxes:

1º G.E. - 4º G.E.:

Traballo Semanal: 55% (Estudo:50% / Hábitos: 10% / Aptitude: 30% / Material: 10%)

Actividades Telemáticas: 45% (Técnica: 40% / Musicalidade: 20% / Preparación: 40%)

1º G.P. - 5º G.P.:

Traballo Semanal: 55% (Estudo:50% / Hábitos: 20% / Aptitude: 20% / Material: 10%)

Actividades Telemáticas: 45% (Técnica: 40% / Musicalidade: 20% / Preparación: 40%)

6º G.P.:

Traballo Semanal: 55% (Estudo:50% / Hábitos: 30% / Aptitude: 10% / Material: 10%)

Actividades Telemáticas: 45% (Técnica: 40% / Musicalidade: 20% / Preparación: 40%)

No caso de que o alumno/a, só por motivos debidamente xustificadas, non puidera realizar algún dos apartados anteriores dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 5	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------

A avaliación e cualificación adaptarase, sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.

A cualificación final poderá aumentarse en función das actividades desenvolvidas polo alumnado na terceira avaliación ata un máximo de dous puntos.

4. Instrumentos de avaliación.

Os sistemas empregados para desenvolver as clases telemáticas no 3º trimestre e poder avaliar ao alumnado que se toman en conta, son as seguintes ferramentas:

- Dispositivos móbiles (A través de WhatsApp, por videoconferencia, chamadas telefónicas e mensaxes de texto e voz).
- Plataforma do Conservatorio CENTROSNET.

Se toma esta decisión máis axeitada por varios motivos:

- Insuficientes ordenadores nas maiorías dos fogares para todos os seus integrantes.
- Teletraballo dos pais e nais sen que o alumnado poida optar a eles.
- Cambio de residencia non habitual do alumnado debido ao confinamento.

Determínase que de ningunha maneira se avaliará con outras ferramentas que non sexan as que están aquí expostas.

5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)

As actividades lectivas que se desenvolvan durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020 estableceranse de maneira telemática e non presencial, utilizando as diversas ferramentas máis axeitadas que lle permitan ao alumnado manterse incorporados á aprendizaxe continua e suscitar o seu interese por

aprender. Ditas actividades estarán adaptadas á idade e características do alumnado, así como a situación excepcional que están a vivir.

Así mesmo, se prestará especial atención a identificar ao alumnado desconectado por diversas circunstancias ou non localizable e se prepararán plans específicos de recuperación e de reforzo que lles axuden a reincorporarse á actividade educativa tan pronto como sexa posible.

Farase un especial esforzo en facilitar o uso de distintos tipos de dispositivos axeitados para a atención educativa do alumnado.

Intensificarase a posta a disposición do alumnado dos recursos tecnolóxicos e doutro tipo que necesiten para o desenvolvemento das súas actividades, e desenvolverán formación e ferramentas adecuadas para permitir que o alumnado obteña o maior proveito da metodoloxía non presencial.

A situación de excepcionalidade presenta tamén posibilidades en actividades e contidos actitudinais que durante os períodos lectivos habituais non terían cabida coma: sesións de estudo grupais con especial tratamento de cuestións tales coma hábitos de estudo saudables e eficientes; fomentar unha procura de novo material que interpretar desde as Tic's e o material do que dispoña cada un, así coma unha procura de novas vías de comunicación musical dende a distancia e coa axuda do docente como coordinador e motivador inicial; Expor charlas on-line con diferentes trompistas para ter un contacto con alguén profesional e que poda asesorar e compartir as súas experiencias co alumnado; dadas as limitacións sonoras que procura a tecnoloxía por parte da interacción docente-discente, resolver dúbidas e expor un traballo autoconsciente e autoevaluado por parte do alumnado.

6. Información e publicidade.

A adaptación da programación para o terceiro trimestre será remitida a Inspección Educativa, as familias a través da plataforma Centros Net e correo electrónico. Ademais colgarase na páxina web do Centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 5 DE 5	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------